

Señor Alcalde do Concello de Castro de Rei, membros da Directiva da AELG, benqueridos e benqueridas persoas da miña longa e larga familia, compañeiras e compañeiros deste fermoso oficio da escrita, amigas e amigos...

Debo e quero comezar por agradecer á AELG que tivese a xenerosidade de me outorgar a súa Letra E e de me traer a celebrar este día de Iledicia a Castro de Ribeiras de Lea. Moitas grazas, xaora, señor alcalde do Concello de Castro de Rei. Amigo Cesáreo, é un privilexio que fale dun un gran poeta coma ti, e o significado das palabras expándese na procura do horizonte do sublime. Obrigado. Gratidade e emoción é o que o meu corazón acolle agora mesmo para as afectuosas palabras do meu irmao Agustín.

A infancia, esa inefábel fidelidade ao celeste.¹

E cando lle chegou a hora, soñando estaba
un país onde chovían bolboretas.

Álvaro Cunqueiro²

Escribín hai anos no comezo de «Un conto de tres noites» o seguinte: «Eu nacín chairego e, suceda onde suceda, na mariña ou na montaña, chairego hei morrer». A poucas cousas se lles poden chamar, con máis xusteza, declaración de principios que a esta, xa que do principio da miña vida fala.

Veño, por parte de meu pai, Raimundo, da casa de Granda de Xermar³, alí, na casa patrucial da Ribadainsua, a que mercara en 1841 meu tataravó, Francisco de la Puente (así aparece nos papeis), foi onde este meu trasavó, con cinco pesos que tiña e outros cinco que lle emprestaron (ou iso dicían as lendas familiares), puxo a “parada” que había durar até a miña infancia. Desapareceu a casa orixinal, da que gardo recordos de nenez, mais no mesmo lugar segue aínda a estirpe dos Granda, dos que me enorgullezo.

Pola outra banda, os DoCampo, temos a orixe na parroquia de Suegos, no concello de Pol, aló por onde nace o Lea e remata a Terra Chá. Mais o meu bisavó Antonio DoCampo Fernández veu casar á Ribeira, concretamente no lugar d’A Torre, aló na década de 1840. Alí naceu meu avó Francisco, que casaría en Madrid con miña avoa, Flora, das terras de Sarria ela. Ao pouco regresan a Castro e pon o establecemento chamado “Comercio de Tejidos de Francisco DoCampo”, que, tal era a súa denominación. Aí había nacer miña nai, Teresa, a duodécima de trece fillos. Teño moitos recordos desa casa, pero un prevalece por enriba de todos: o de dúas moedas falsas que pretendían pasar por pesos de prata, e que meu avó incrustou e cravou xuntas no mostrador do comercio, como aviso aos clientes trampulleiros da súa habelencia para detectalos. Cando era neno pasei a miña man por aquelas moedas centos de veces, era un pracer que descubriera e sempre que me vían facelo, tanto

¹ Rainer María Rilke: Non dubides que a túa infancia...

² Álvaro Cunqueiro: Lord Dunsany/Epitafio (*Herba aquí e acolá. Vellas sombras e novos cantos*) Edit. Galaxia, 2011)

³ «Amencín en Xermar / Non se ve o mar». A. Cunqueiro: No monte a herba mollaba os dedos (*Outros poemas*) Edit. Galaxia, 2011

miña mai como miña tía Avelina, explicábanme a historia e a razón de que alí estivesen. Sempre empezaba igual: “Cravounas aí o papá para que se vise que...”

Andando o tempo veu a miña estrea na vida, que, como algúns de vós ben sabedes, sucedeu na vila de Rábade, na beira do pai Miño, onde fun inscrito no rexistro civil como un dos arredor de 1.300 habitantes que tiña daquela a vila. Sucedeu isto porque os meus pais colleran en traspaso o Café Español, nome acaído coa época, mais que era coñecido como o café do Valeriano, e que aí segue agora convertido na Cervexaría Ágora, nome ben traído xa que está na fermosa praciña que hai por detrás da estación do tren. Pero non era meu pai home de taberna por ningún dos dous lados do mostrador e aquela aventura comercial non durou máis que ano e medio.

Veu daquela o traslado a Castro e aquí meu pai fíxose cargo do muíño, que non tiña máis nome, porque era o único que había na parroquia e mesmo o lugar recibe ese nome, O Muíño.

Eu teño na altura sete meses e un tempo despois nese lugar vai comezar a miña infancia consciente.

Hai quen di os tres, hai outros que falan dos cinco, pero o que si é indubidábel é que nos primeiros sete anos da vida vaise decidir e gravar na nosa alma a persoa que seremos. Eses son os meus anos de Castro.

Así os meus primeiros recordos son os dun pai enfariñado dos pés á pucha. Un pai muiñeiro. E eu estou moi orgulloso disto, aínda que non fose máis que porque tal circunstancia fai de min un neno de conto: «Un muiñeiro deixou aos seus tres fillos todos os bens que posuía, que son o seu muíño, o seu burro e o seu gato», así comeza O gato con botas, que tantas veces me contou miña mai e eu escoitaba fascinado e cos ollos espetados no negro gato da casa, que, capado por meu pai, estaba gordo e lustroso, pero non rataba. O gato do conto de Perrault, despois de que o seu novo dono o fornecera debidamente de bolsa e botas, levou ao seu amo a se converter no marqués de Carabás, mais non vos vou contar o conto enteiro que ben o sabedes. Por certo, igual có fillo daquel muiñeiro que obtivo por herdanza o astuto bicho, eu tamén acabei por casar cunha princesa.

Teño recordos de moi pequeno, de pouco despois de nacer miña irmá Maruxa, e véxoa no seu berce ao pé da cama de meus pais, cando eu pasei a durmir no cuarto de enfrente. Vexo nese espazo entre ambos cuartos, como un día de Reis apareceu alí, ignoro por que medio pero é de supoñer que alí o deixaran os Reis mentres eu durmía, un cabalo de cartón de tal tamaño que lle pillei medo. Tanto que só me atrevín a lle tocar cando sentín a miña mai que me dicía: «Paquiño, non lle teñas medo, ho. Achégate e tócalle, verás como non che fai nada». Lembro a cociña chea de xente que fala e ri e xogan á baralla. Vexo a meu pai contando sucedidos. Teño presente o rostro da xente que alí estaba con frecuencia: a Francisca, a Trindade, o Xosé Antonio, chamado o Méndez, o Pedro do Cura e a Avelina... Aquela casa, aquela cociña estaba tan chea de alegría que sempre conto, terédesmo ouvido moitos de vós, que meu primo Xermán dixo por aquel tempo: «O Raimundo e a Teresa son un matrimonio que lle dan á xente ganas de casar», ninguén dixo nunca frase máis fermosa sobre dunha parella.

Naquela casa da miña infancia e no muíño, cando o mundo era moito máis pequeno, porque acababa pouco máis aló do que acadaba a nosa vista e os nenos andabamos mesturados cos adultos, conservo a imaxe do Xan, o carteiro, colorado e algo

bandullán, que unha vez lle dixo a meu pai, reparando no selo de correos da carta que lle acababa de entregar para que a levase: «Ai, Raimundo que te van prender. Puxeches a Franco patas arriba», e eu pillei moito medo ao escoitar aquilo de levar preso a meu pai.

Nestes recordos non podo esquecer á Consuelo e ao Xosé. As persoas que vivían na casa que había entre a nosa e mais o muíño (ambos edificios eran propiedade deles, nós tiñámoslos alugados) para min, sen ser da miña familia, uns avós bondadosos e cheos de cariño. E, claro está, a Manola e a Pepita, para as que sigo a gardar o mesmo grande cariño que daquela lles tiña.

E, xaora, a familia: a tía Visita, o tío Francisco, a tía Avelina, ás da casa do tío Ramón e a tía Francisca, a onde eu sempre ía de mala gana, porque con frecuencia estaba nela don Dario, o crego, e preguntábame a doutrina. Aquel don Darío que che podía dicir cousas tan desconcertantes coma: «¿Y cómo hace el Niño Jesús cuando se le pincha la bicicleta? ¿Eh, cómo hace? Porque el Niño Jesús non te tiene desmontables... Pues hace así con el dedito y ya está, la rueda parchada y a correr...». E despois unha ristra de curmá e curmaos todos remexidos uns polas casas dos outros. De entre todos teño que facer mención especial de Xoán Xosé e de Tomás, pero estes máis que primos foron irmaos, vivimos, coa Maruxa, os catro xuntos o máis da nosa vida de infancia, adolescencia e primeira xuventude.

E lembro a escola, aínda está aí o seu fermoso edificio. Empecei a escola antes de me ter chegado o tempo de escolarización obrigatoria, baixo o privilexio de que a mestra, Caridade DoCampo, era curmá de miña mai. Traíame a Manola. Pero, digámolo así, non houbo entendemento entre o mestre, Emilio, e mais eu. Así que desde o segundo día pasei aquel primeiro curso na escola das nenas e, mira ti por onde, estoulle moi agradecido á circunstancia que posibilitou iso. Como parece que xa lía ben e “de corrido” teño o recordo de me ver nun corro arredor da mesa da mestra lendo, coas nenas máis grandes, nun libro que tiña na cuberta un gran escudo de España, aquel creado polo franquismo había unha ducia de anos. Tamén, xaora, houbo recreos nos que aprendín a saltar á corda, xogar á mariola e outros xogos dos chamados femininos, o que non quitou para que, pasado algún tempo, eu fose un bo xogador de billarda, de bolas ou peón e outros xogos considerados masculinos.

En paralelo co recreo venme o acordo do camiño da escola e del un día do mes de abril no que, tendo saído da casa ao escuso de miña mai sen comer o almorzo, ao pasarmos a Manola e mais eu por enfrente da casa da Francisca, ao pé dun ribazo no alto de cal había unha árbore cativreira, non lembro cal, cantou o cuco e a muller desde a porta berroume: «Paquiño, comiches o almorzo?», Interpretou atinadamente o meu silencio culpábel e aseguinou: «Ai, pois acaba de te capar o cuco».

Por que estraño mecanismo da nosa memoria fican fixados nela acontecementos tan nimios e escápanse nos outros que eran verdadeiramente importantes e mesmo, as veces, dramáticos? Claro que lembro mortes e penas, nacín sete anos despois de se acabar oficialmente a guerra civil. Pero hoxe só quero facer pasar por aquí as lembranzas agradábeis daquel tempo, do Castro da miña infancia e do Muíño: a miña irmá Maruxa que choraba moito e que a vestían con frecuencia de branco, os xogos, as cereixas, as mazás e as peras... O faiado da casa do Xosé e da Consuelo, lugar de marabillas e sorpresas. Penso moitas veces nos faiados e nos sotos da miña infancia como lugares nos que habitaba a fantasía. Alí, en arcóns, baúis e estrados por todo

lugar, atopabamos os obxectos que facían que o noso mundo infantil se alargase e habitase lugares de moi lonxe. Con frecuencia cousas que cruzaran o Atlántico nas maletas dos emigrantes, e que mesmo parecía que o fixeran sen máis obxecto, a xulgar polo abandono e o esquecemento no que alí permanecían, que o de abrir a todos os ventos a nosa imaxinación. Penso isto cun sentimento de feliz señoardade, pero tamén de pena ao ver que os nenos e nenas das cidades perderon este goce.

Están na miña memoria as moitas veces que caín dos altos, non sei se por ter eu unha predilección especial por me subir a lugares perigosos ou por ser eu de natural zoupón. Aquela vez na que caín no pozo que estaban a facer cando construían a casa dos Roca, e do que me sacou o Meilán, o carteiro de Arcos, ao tempo que lles afeaba aos homes que facían o pozo que se riran de min mentres eu choraba asustado. Tamén caín do alpendre no que se cargaban os sacos de fariña nas bestas dos homes e mulleres que viñan buscalos. Mais a caída das caídas na miña biografía foi no río Lea. Fora inverno de moita auga e había unha crecida que deixaba o Muíño illado e non se podía vir doadamente a Castro, daquela eu tomei a decisión de ir «pescar» sen me consultar con ninguén. Meu pai e o Reloxeiro, padastro do xornalista e escritor Xosé Trapero Pardo, conversaban sentados no peitoril da ponte cando o Reloxeiro dixo sentir un neno que choraba. Viráronse e alí estaba eu agarrado a un salgueiro e en perigo de ser arrastrado pola forte corrente da invernia.

Foi este un incidente que moito lle daba ao nunca esquecido Manuel María para se meter comigo, e que moito lle segue a dar a Paco Martín para seguir a lle restar importancia ao dramático suceso, polo que debo darlle agora información pública de certos detalles que descoñece, ignorancia que o leva a facer piada do meu triste suceso. «O río Lea é un importante afluente do río Miño pola súa vertente esquerda, que, nacente no lugar de Laga, no concello de Pol, atravesa todo o concello de Castro de Rei. Ten unha lonxitude de 23,5 km (máis do que hai de aquí a Lugo) e un caudal no que pode afogar, coma nada, un pequeno nos tempos de invernia» e non fago máis que citar a Wikipedia.

Días de ledicia eran os de feira, dúas alegrías cada mes. O día oito e o derradeiro sábado. Gardo nida memoria do lugar, da cor e, de xeito especial, do arrecendo dos postos de pan de Mondoñedo. Brancos coma luces e cheos duns ollos que lles daban fasquía de esponxas. E despois o sabor, do que se pode dicir con total exactitude que era o da gloria. Para o outro día habíamos saír o Tomás e máis eu á rebusca de patacóns perdidos, unha peseta non chegamos a encontrala nunca, como tampouco teño, a dicir verdade, a lembranza de termos atopado nada de valor.

Había en Castro grandes festas, para min o máis bonito era a banda de música que tocaba despois da misa. Sempre con aquel interminábel "Sitio de Zaragoza" e coa xente bailando muiñeiras e xotas, mais non por pertenceren a ningunha agrupación de baile, senón porque ese era o seu ser natural e daquela o mundo aínda estaba perto do día da creación.

E o cinema. Foi aquí en Castro onde vin a primeira película da miña vida. Foi na casa de Carreira. Non sei cal era o filme, máis ben penso que eran varias curtas, pero algunhas debían ser anacos de películas longas, porque lle teño escoitado a meu pai, cando me contaba a anécdota que vos relatarei a continuación, que lembraba perfectamente a escena de Harold Lloyd agarrado á agulla do reloxero no alto do edificio, e iso sucede nunha película deste actor Safety Last! (1923). Fose o que fose, eu vin a proxección

sentado no colo de meu pai e, contoumo el moitísimas veces, Manuel de Penalba, que estaba sentado a carón del, díxolle acenando para min e impresionado pola reconcentrada atención que poñía eu ao que sucedía na pantalla: «Oes, Raimundo, non sei canto daba agora mesmo por saber o que pasa pola cabeza do teu pequeno». Algo importante debía pasar, xa que aí naceu un amante do cinema e de aí se acendeu unha parte moi grande da ollada coa que vin o mundo.

Como naceron naquel tempo, cos contos de meu pai, aquel fistor do que dicía a súa irmá Florentina que a realidade non se faría presente até que Raimundo a narrara, e de miña mai, a que recitaba a Juan de la Cruz, cantaba tangos e cuplés, con ambas e dúas cousas fóronse pintando na miña alma infantil as palabras e as imaxes que darían vida ao escritor que quixen e quero ser.

Podería por moito tempo seguir a contar recordos e daría nos da Feira do Monte, os dos meus outros pais, Tomás e Adelaida, os meus padriños tan lembrados e chorados como lembro e choro a Teresa e Raimundo. E aí contaríavos unha adolescencia que, aínda coa amargura propia da etapa, cos namoros frustrados e a incompreensión universal, visto agora, foi un tempo feliz, non é Tomás, Xoán, Maruxa?

E fica aínda unha lembranza daquel Castro da miña primeira luz. Aquí chegoume no medio dos cantos dos paxaros, desde aquel cuco que pretendeu, felizmente sen éxito, dobregar a miña virilidade, a todos os rechouchíos aprendidos daquela: merlos que asubiaban entre o orballo da mañá; o insistente chíó das papuxas ben distinto do que fai o reiseñor antes de emprender o seu harmonioso asubío; o suave estaliño do carrizo. E o son inesquecível das lavercas a chiar no alto do ceo durante as plantas das patacas aló no marzo, cando os paxariños andan a se namorar con chíos e melodías, dicía que no medio deses sons chegoume o máis sublime e máis máxico de todos, a palabra. A palabra que a Teresa ganduxaba na miña alma, a palabra branca de fariña triga do Raimundo, dono e señor do máis rico léxico que en ninguén encontrei despois. Así recibín, coma unha unción, a lingua. Esta na que vos falo e vós falades. Esa que ten que ter un espazo nisto que vos estou a dicir, porque de non ser así non se entendería de que xeito estou no mundo, por que teimo en seguir a escribir este continuo relato do vivir. A mesma lingua que a ignorancia vitupera e despreza, a que o poder desatende mentres contempla, indiferente, como se desgaxa da alma dos galegos e galegas máis novos, como se van convertendo en individuos estraños á lingua propia do país que os viu nacer e que ve como se allean de si mesmos, daquilo que son por nacencia, galegas e galegos. Como é posíbel contemplar sen dor a estarrecedora situación de que en pouco tempo haberá galegos e galegas incapaces de dicir mazá, lúa, xílgaro, estralampar, saudade, namoro, beizo, aperta, corpo, beixo, orella, tempa, seo, coxa, sufraxe...? Eu, privado da súa lectura e da súa escritura, tiven que me criar analfabeto na miña lingua e hoxe mesmo sabemos que veñen aí, coma naqueles facareños tempos, xeracións que tamén se crían así porque a torpeza lexislativa permite que o galego estea ausente da súa escolarización. Como é posíbel que permanezamos tan tranquilos sabendo que pode haber xeracións próximas que non poidan nin queiran ler a Rosalía de Castro nos Cantares Gallegos ou Follas Novas, a Manuel María en Terra Chá, a Cunqueiro en Merlín e familia, a Castelao en Cousas ou a Blanco Amor en Xente ao lonxe? E cando falo desta lingua non exclúo ningunha outra, porque eu tamén quero que lean El Quijote e a poesía de Juan de la Cruz, de Lorca ou de Cernuda. E, se é posíbel que lean en inglés a Shakespeare ou a Faulkner, e

en francés a Verne ou a Camus, claro que quero todo para os galegos do futuro. Eu non exclúo, son outros os que o fan. Pero como pode ninguén pensar que lles vai ser posíbel vivir no amor á palabra como cerna da alma humana, como instrumento de creación do mundo a aqueles que desprezan e anoxan a lingua de seu, a lingua propia do país que lles dá nome.

Falo da lingua que recibimos con amor dos nosos pais, a que leva as palabras de aloumiño da nosa infancia, a que contén a alma deste pobo que nos dá nome e xeito de estar no mundo. Porque a alma dun pobo é a súa cultura propia, e o instrumento desa alma é a lingua. Digo, así en chairego: mai, mao, irmao, abidueira, teipa, chao, carpaza, señañade, carqueixa, muito, truita... as palabras que fixeron de min o que son: galego e nada máis quero ser nin parecer. Pero tamén falo das da ciencia, do dereito, das matemáticas e quero que os galegos digan: catálise, calcoxenuro, elastase, dixitalización, álgebra, ángulos opostos, bixección, metro cadrado, sete ao cubo, eixe radical, custo de eficiencia, enquisa de mercado, criminoloxía, custas procesuais, obrigado tributario, testemuño notarial... A nosa lingua en todas as ciencias, en todos os medios, en todos os camiños que levan á luz do coñecemento. Canto máis galegos sexamos máis espazo ocuparemos no universo e máis respecto lle mereceremos ao mundo. Porque eu quero, como escribe Cunqueiro:

Deixaban o país onde anoitece
polo país onde amence.⁴

E sigamos niso, irmás e irmaos, na defensa desta lingua de noso, porque ningún esforzo é inútil na loita por darlle esas mil primaveras máis ás que nos comprometeu Cunqueiro, todo será se persistimos, todo haberá se non cedemos, porque como dixo José Ángel Valente:

*Haber llevado el fuego un solo instante
razón nos da de la esperanza.*⁵

É hora de ir acabando, e colócome neste intre no que, mercé á xenerosidade de tantos amigos e amigas da AELG, quero dicir da súa directiva e de todas as escritoras e escritores que constitúen a asociación, e coa colaboración non menos xenerosa do Concello de Castro de Rei e demais institucións, vexo, chantada aí diante, unha pedra na que están inscritas as miñas palabras. Unha pedra que poñedes coa intención e o desexo de que diga de min e da miña orixe aos camiñantes de hoxe e dos tempos que veñan. Só agradecemento ten o meu corazón para vós. Porque, ademais, agora imaxino a meus pais vendo o meu nome na placa desta avenida, e véxoos a eles cheos dun orgullo sen fachenda, do orgullo humilde de quen sabe que isto, á fin, tamén é mérito deles e do seu xeito de me criar. Esa escena, imaxinada como é propio do meu oficio, é un teatro da máis grande emoción para min.

Pedín que ao pé da pedra se plantase unha cerdeira. Amo esta árbore e ela está na miña infancia de Castro, detrás da nosa casa había unha moi grande da que algunhas pólas pousaban sobre do lousado. A súa albura no comezo da primavera e vela despois vermellar segundo a estación avanzaba, son cores que se escribiron no fondo dos ollos da miña alma. Será por iso que tanto me gustaron, desde a primeira vez que os lin, estes versos de Antón Avilés de Taramancos:

⁴ Álvaro Cunqueiro: Os oficios de Bran (*Herba aquí e acolá*) Edit. Galaxia, 2011

⁵ José Ángel Valente: *La memoria y los signos* (1966)

A chuvia
poboada de vagalumes frescos
recibirá no instante un sabor de cereixa
de mel brunido e vermelliza pérola:
debrúzase no po e novamente
faise líquida luz
encadeada luz que agora canta
de canle en canle en interior albura.
Imos plantar unha cerdeira nova
Temos que darlle esa alegría ó vento.⁶

Medre, pois, a cerdeira que garda a memoria daquela outra que medraba n'O Muíño de Castro, porque somos memoria, só iso somos e iso contamos. Non hai moito escribín, falando de Agustín, somos o que escribimos, e agora engado, porque escribimos o que fomos e desexamos seguir sendo. No meu caso o fillo de Teresa DoCampo, que tantas puntadas deu e de Raimundo Puente, o muiñeiro de Castro. Fico obrigado pola vosa atención.

Castro, 21 de xuño de 2014
Xabier P. DoCampo

⁶ Antón Avilés de Taramancos: *Os poemas da ausencia*, 1963-1969 - En "O tempo no espello", Ediciós do Castro, 1982.